

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 27 DE NOVEMBRO DE 2018

### **Asistentes:**

#### **Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

#### **Vicedecano**

Fernández Fernández, Adolfo

#### **Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

#### **PDI**

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Juana López, Jesús de

Uña Álvarez, Elena de

#### **PDI contratado**

Domínguez López, Ángel

#### **Estudantes**

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

López Verísimo, Rubén

Núñez Remacho, Virginia

Rodríguez Álvarez, Lucía

#### **Alumnado 3º ciclo**

Souto Castro, Iria

#### **PAS**

Rodríguez Bouzas Josefa

### **Desculpan a súa ausencia:**

#### **PDI**

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Valín Fernández, Alberto

Vaquero Díaz, María Beatriz

#### **PDI contratado**

Presedo Garazo, Antonio

#### **Estudantes**

Alejandro Ojea, Mónica

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran ao marxe, o martes 27 de novembro de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 28 de setembro de 2018.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede do nomeamento do tribunal dos premios extraordinarios de Grao.
4. Aprobación, se procede, da solicitude de tese de licenciatura de Daniel del Río Piñeiro.
5. Aprobación, se procede, da modificación de horarios na materia de Historia contemporánea de Galicia de 4º curso.
6. Aprobación, se procede, da modificación das datas de exame da materia de Historia da arte de Galicia
7. Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

## **1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 28 de setembro de 2018.**

Apróbase por asentimento.

## **2.- Informe da presidenta.**

Indica a decana que xa se celebrou o III Congreso Internacional da Auga que este ano organizou a Facultade de Historia. O balance foi moi positivo cunha matrícula moi alta, cerca de 100 personas o que permitiu non só cubrir tódolos gastos xerados no congreso, senón tamén asumir o custo da publicación que se realizarán en formato libro coa editorial Dykinson. Se publicarán catro volumes cada un correspondente a unha mesa.

Estase a traballar na organización das II Olimpíadas de Historia, que este ano pasarán a chamarse II Olimpíadas Galegas de Historia debido a que hai outros lugares de España onde se organizan e un nome tan xeral como o proposto para a primeira edición pode chegar a producir confusión e resultar incluso un tanto pretencioso. O obxectivo nesta segunda edición é mellorar, a partir dos erros cometidos na anterior. Seguirá dirixida ao alumnado de 4º da ESO e combinarase para a súa realización o método tradicional e o método tecnolóxico. Desenvolverase durante un día enteiro para que tódolos participantes poidan desfrutar ao máximo da actividade e que non se lles faga moi curta como aconteceu na primeira edición. Haberá que traballar máis a fondo ás preguntas que deben ser claras. Solicita expresamente, a colaboración da área de Historia Contemporánea por ser a que máis relación ten co currículo de 4º da ESO.

Pechouse o convenio coa Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín para xestionar a convocatoria do Premio Xesús Taboada Chivite. Participarán nesta actividade Julio Prada, Jesús de Juana, Fermín Pérez, Adolfo Fernández e Susana Reboreda. Posteriormente esta comisión será a encargada de nomear ao xurado. Pensa que esta solicitude é moi positiva porque leva implícita o recoñecemento do traballo como un referente para desenvolver distintas tarefas, incluíndo un recoñecemento económico.

Outros proxectos en marcha son as colaboracións da facultade co Concello de Monterrei e de Oímbra en dous proxectos diferenciados. O primeiro, subvencionado por un proxecto europeo, refírese a posta en valor do Castro de Lorbazán e será dirixido por Beatriz Vaquero e Beatriz Comendador. O segundo, finaciado pola Deputación de Ourense ten como obxectivo unha investigación en torno ao Muro de Búbal, que sufriu unha recente agresión por unha máquina que

ensanchaba un camiño. Neste caso o convenio abranguerá catro anos e está coordinado por Adolfo Fernández.

Aprobouse no Consello de Goberno da Universidade de Vigo os novos regulamentos para a realización do TFG e TFM, que entrarán en vigor para o curso 2019/2020. Cada centro terá que adaptar á súa propia normativa a este regulamento. A comisión de TFG e a comisión académica do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio, reuniranse para elaborar un borrador que se someterá a debate e aprobación da xunta de facultade.

Informa tamén a decana que o vindeiro ano non haberá bolseiros da aula de informática. Nos últimos anos había un gran descontento co traballo que estaban a realizar, e cada curso asumían menos responsabilidades. Os informáticos do SAUM serán agora os encargados de supervisar os equipamentos do laboratorio de informática e das aulas e a facultade disporá dun/unha bolseiro/a, estudante do noso grao, que colaborará en diversas tarefas relacionadas coa promoción da facultade, das súas titulacións así como da xestión das redes sociais. Está previsto que tamén se encargue algún día, da apertura do laboratorio para que o alumnado poida imprimir. A facultade supervisará e titorizará o traballo do citado bolseiro e emitirá un informe. Indica que ata que se regularice a situación, a delegación de alumnado pode encargarse da apertura puntual. O alumno Juan Manuel Galiña sinala que ninguén da delegación está de momento interesado.

En consonancia co anterior, desde o SAUM revisáronse todos os equipamentos da aula de informática e realizaron o pertinente informe onde deixan constancia das importantes deficiencias que son preciso subsanar. Por este motivo, todo o remanente da partida orzamentaria relativa ao material inventariable irá destinado á dotar de novos equipos. Unha parte importante da partida de reparacións, mantemento e conservación, será destinada a mellora os equipos que non sexan substituídos. Para o ano todos os ordenadores estarán dotados de Windows 10 e serán xa visibles todas as melloras nas que se está a traballar.

En relación aos asuntos económicos do centro, indicar que neste exercicio económico, motivado polos cambios que se produciron coa nova RPT producíronse unha serie de problemas que ocasionaron considerables desgustos e que levaron bastante tempo e esforzo solucionar. A problemática estivo motivada porque o anterior responsable de asuntos económicos do centro se encargaba dunha serie de cousas das que a unidade actual e o novo responsable relacionado co centro non se encarga. Para por un exemplo, antes se facía unha retención de crédito para as saídas de estudo e agora hai que solicitar desde a facultade. Isto provocou que faltara diñeiro do orzamento para pagar as citadas visitas que se realizan coa compañía de Autos González. Finalmente este problema arranxouse. Intervén a profesora Yolanda Barriocanal para comentar que deberían revisar o tamaño dos

autobuses que se envían, xa que ás veces, destinan vehículos demasiado grandes, o que, ademais de encarecer o orzamento, dificulta as manobras por estradas estreitas.

Continúa Susana Reboreda explicando que o problema que non tivo solución foi que non se solicitara en prazo a modificación de crédito para poder pasar, por exemplo, o excedente que había na partida de indemnizacións por razón de servizos para a partida de investimentos asociados ao funcionamento dos servizos. O que máis impotencia lle produciu foi que solicitou a modificación de crédito unicamente cun día hábil de retraso e dado que se trataba dun prazo interno pensa que podería terse tramitado, pero, a administradora de campus, mostrou pouca vontade en facilitar a solución e ao final a responsabilidade recae nos equipos directivos, especialmente na dirección dos mesmos.

Celebrouse unha reunión entre os equipos directivos dos centros coa nova xerente e transmitíronselle estes problemas cos asuntos económicos e a falta de comunicación que os centros teñen coa administradora, quen non mostra en absoluto unha actitude colaborativa.

En relación a toda esta problemática derivada do peche de exercicio, explica a decana que, un día dun xeito absolutamente casual, un dos responsables de asuntos económicos comentoulle que na partida de reparación, mantemento e conservación aínda había aproximadamente 21.000 euros por gastar. Para ela isto era algo totalmente novidoso porque cando se informa dos orzamentos, a facultade non pode actuar sobre a cantidade asignada a esa partida porque é xestionada directamente pola administradora de campus. É dicir, a facultade ten acceso a esa partida e ve o saldo existente pero ninguén proporciona información relativa á que parte pode dispor a facultade para acometer as obras que se demandan ou propoñen polos estudantes, profesorado ou persoal de administración.

Finalmente, despois das conversas e reunións mantidas co persoal implicado neste tema (administradora de campus, responsable de asuntos económicos, persoal administrativo do decanato e da área de apoio, responsables da unidade técnica, e decana da Facultade de Ciencias da Educación), vanse poder acolchar dúas aulas e electrificar outras dúas. Desexa aquí agradecer expresamente o traballo realizado por Carmen Arribas, secretaria do decanato, e por Josefina Cadilla, secretaria do centro e xefa de negociado da área de apoio.

Conclúe indicando que o que queda patente despois de todo o acontecido é a relación case inexistente que hai entre a administradora de campus que actúa como coordinadora de equipos administrativos pero non como coordinadora das necesidades dos centros, insiste na dificultade na relación e a sensación de que nunca facilita o traballo, incrementado así as dificultades.

En relación aos orzamentos do ano 2019 indica que na mensaxe do día que chegaron se incluía a obriga de entregalos distribuídos por partidas ao día seguinte. Na mencionada xuntanza tamén se transmitiu á Xerencia as queixas por parte dos equipos directivos dos centros con indicación de que de seguir este procedemento para o vindeiro exercicio económico non entregarían os orzamentos en tempo e forma. Outro aspecto a destacar é que este ano houbo unha importante diminución orzamentaria, ao redor dun 10%, polo que se diminuíu a mesma porcentaxe nas diferentes partidas.

### **3.- Aprobación, se procede do nomeamento do tribunal dos premios extraordinarios de Grao.**

Indica a decana que o regulamento de premios extraordinarios de Grao Universitario establece *no apartado 3. Poderán optar aos premios extraordinarios as persoas que finalicen os seus estudos de grao na Universidade de Vigo e que cumpran os seguintes requisitos:*

- a) *Ter cursado na Universidade de Vigo, polo menos, 180 créditos da titulación, incluídos os créditos recoñecidos por actividades recollidas no punto 8 do artigo 12 do RD 861/2010.*
- b) *Acadar unha puntuación media no seu expediente académico que estea no rango do 10% superior das cualificacións medias da súa promoción.*

Baixo estes requisitos para acadar o premio a media no plan novo (G251) debería ser superior a 8,834 e no plan vello (G250), por riba de 7.528. Revisadas as notas medias observouse que ningún alumno/a pode postularse como candidato/a. Procedeuse a facer a consulta á Secretaría Xeral por se dada as circunstancias houberse unha alternativa, pero non é posible coa normativa existente. É a primeira vez que pasa. A filosofía da norma é que debe haber unha persoa que destaque sobre os demais.

Os membros presentes manifestan a súa contrariedade a que o premio quede o deserto. O profesor Jesús de Juana opina que na vida non todo son fórmulas e que debería haber tamén un espazo para a reflexión. Decídese que se remitirá á Secretaría Xeral un acordo no que a xunta de facultade mostre a súa desconformidade en relación a este asunto e que se estude cambiar a norma.

Como na normativa se establece *no apartado 6 que os tribunais que elaborarán as propostas dos Premios Extraordinarios, estarán constituídos por tres profesores/as doutores/as, con vinculación permanente á universidade, que deberá ser propostos pola xunta de centro, entre os seus membros. Os tribunais elaborarán un acta que enviarán á secretaria do centro para a súa ratificación pola xunta de centro, procédese a*

proponer as persoas que formarían parte do citado tribunal: Yolanda Barriocanal, Jesús de Juana, e Ladislao Castro. Apróbase por asentimento.

#### **4.- Aprobación, se procede, da solicitude de tese de licenciatura de Daniel del Río Piñeiro.**

Toma a palabra a profesora Elena de Uña para explicar que o alumno Daniel del Río Piñeiro, Licenciado en Historia, solicita ser admitido para defender a tese de licenciatura titulada “Patrimonio da Auga na demarcación Miño – Sil: Análise de casos RN 2000”.

A proposta xa se aprobou en xunta de centro no ano 2014, agora está a piques de finalizar o prazo de defensa. A decana indica que pola temática o alumno poderá presentarse aos premios da auga.

Elena De Uña da lectura aos membros do tribunal que figuran na documentación presentada polo alumno. Darase coñecemento agora á secretaría de decanato para que se prosiga coa tramitación.

Apróbase por asentimento.

#### **5.- Aprobación, se procede, da modificación de horarios na materia de Historia contemporánea de Galicia de 4º curso.**

Explica a decana que o profesor Domingo Rodríguez Teijeiro decatouse do solapamento da docencia que o profesor Alberto Valín ten na materia “Historia do presente” de 1º curso do Grao en Educación Primaria que se imparte o mércores de 9.00 a 10.00 e “Historia contemporánea de Galicia” de 4º curso do Grao en Xeografía e Historia que se imparte ese mesmo día de 9.00 a 11.00. Contactouse co profesor afectado para solicitarlle unha proposta de cambio no horario. As propostas iniciais formulados polo profesor ían en detrimento do interese do alumnado porque terían que asistir de tarde cando a docencia é de mañá. Despois de varios correos electrónicos propónse que Historia contemporánea de Galicia que inicialmente figuraba: mércores de 9.00 a 11.00 e de 13.00 a 14.00; xoves de 10.00 a 11.00. Pasa a: mércores de 10.00 a 11.00 e de 13.00 a 14.00; xoves de 10.00 a 11.00 e de 12.00 a 13.00

Apróbase por asentimento.

#### **6.- Aprobación, se procede, da modificación das datas de exame da materia de Historia da arte de Galicia.**

Por unha coincidencia con outro exame da profesora Yolanda Barrional, procédese á modificación das datas de exame de Historia da arte de Galicia, que agora pasará a realizarse na convocatoria do primeiro cuadrimestre o día



17/01/2019 ás 12.00 h na aula 2.1 e para a convocatoria extraordinaria o día 01/07/2019 ás 10.00 h na aula 2.3.

## 7.- Rolda de intervencións.

Pide a palabra o profesor Jesús de Juana para felicitar a tódolos membros do Comité Organizador do III congreso internacional da auga.

Por outra banda, desexa formular dous rogos. O primeiro é que temos un campus moi bonito, pero que o estanque está sufrindo unha grave degradación, provocada polas plantas invasoras e polo elevado número de ratas. De feito, está constatado que está desaparecendo a auga. Descoñece quen é o responsable, pero non se pode deixar que se converta nunha área abandonada.

O segundo rogo, é que nos últimos anos os edificios da Universidade de Vigo están mudando de nome. O edificio no que se empra a Facultade de Historia denomínase Edificio de Facultades debido a que no momento da súa construción albergaba varias facultades. Nestes momentos xa no están moitas das facultades iniciais e por ese motivo non ten sentido seguir con esa denominación. Tampouco lle parece correcto o nome de Edificio de Ferro co que coloquialmente se lle coñece.

Propón como suxerencia o nome de Edificio Padre Feijóo, escritor e pensador galego, da provincia de Ourense. En xeral este nome non convence demasiado. A secretaria Josefina Cadilla indica que a tendencia actual na universidade é a de mudar os nomes dos edificios por nomes de mulleres, ademais considera que pórle un nome dun relixioso a un edificio de carácter civil provocaría moita controversia dentro da comunidade universitaria dado o carácter aconfesional que ten a universidade.

Susana Reboreda indica respecto ao primeiro punto que falará coa Vicerreitora do campus e respecto ao segundo coa decana da Facultade de Ciencias da Educación. Logo poderase facer consultas e propor distintas posibilidades.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.00 h do día 27 de novembro de 2018, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba